# O MEU NENO TENCHE SONO

1
O meu neno tenche sono
tenche ganas de durmir;
ten un olliño pechado
o outro non o pode abrir.

2
O meu neno pequeniño
heino de levar á escola;
heille de comprar un trompo
e máis unha castañola.

3
O meu neno pequeniño,
pequeniño coma un rato
heillo de levar ó cura
e vendelo nun pataco.

4
Tirulero miña gaita,
tirulero meu gaiteiro;
agora que teño a gaita
fáltame o tamborileiro.




© Manuel Rico Verea